

BARDAOS 1753

Do libro de Margarita Sánchez: "*Historia de San Sadurniño ata a metade do século XVIII*" editado pola Deputación de Coruña no ano 2016.

BARDAOS²⁸⁵

Faise o interrogatorio o 5 de xullo na vila de Cedeira, estando don Pedro José Rosales, capitán do rexemento de infantaría de Cantabria e subdelegado para o establecemento da contribución única, quen llo participou a don Domingo Fernández Álvarez que era o crego vicario da freguesía. Asisten don Antonio Venero tenente de xuíz da vila e xurisdición, Domingo de Loureda e Juan de Loureda veciños de Santiago de Meangos e Luis Capelo, que é da dita vila, polo que parece referirse a Cedeira, que son peritos agrimensores nomeados pola parte do rei, e que son os que fixeron o recoñecemento e o marqueo da freguesía. Tamén están presentes Francisco Fernández, Martín do Casal, Francisco Rodríguez e Xoán Antonio Rodríguez, veciños de Bardaos, como peritos nomeados pola parte do público que xa xuraran e xuran de novo e logo principian a responder.

Ó primeiro din que a freguesía se chama Sta. María de Bardaos, que é da xurisdición de Cedeira.

Ó dous din que é terra do señorío dos condes de Lemos a quen pagan a talla por encabezado que importa catorce rs dous mrs cada ano sen suba nin baixa, que se fai efectiva polo mes de agosto sin que saiban que título ou privilexio ten o condado de Lemos para ter ese señorío.

Ó tres din que a freguesía ten de levante a poniente un cuarto de legua e de norte a sur a oitava parte de legua. De circunferencia unha legua que para camiñala leva catro horas porque é terreo áspero e quebrado. O primeiro marco é na Ponte Forcadas e de alí á Ponte Lodeiro e logo á Fonte Cavada e polo monte arriba ata a Pena Branca seguindo ata un marco no monte que chaman de Prado Chao. De alí vai a linde dereita a outro marco que está enriba do camiño real que ven de Cedeira e despois ven dereito ó couto da Pedreira. Desde aquí ata a Fonte do Prior, baixando río abaixo, que ven dar co río da Ameixoeira²⁸⁶. Despois segue polo cume do monte e fonte que se chama Ameixoeira ata chegar a un marco que hai na herdade chamada de Redondo e desde esta polo camiño real ata a fonte Randulfo, baixando dereito polo camiño ata chegar ó rego de Randulfe e desde alí dereito ata a ponte da Veiga e río arriba ata a Pasada Vella e logo á Pena de Sueiras. Segue logo ata o monte de Lavamontella e ó Porto de Cerdidelo e logo sobe ata o primeiro marco.

²⁸⁵ AGS CE RG L 156

²⁸⁶ Resulta chamativo que os topónimos indican unha cousa que logo non aparece na relación, como neste caso a referencia ás ameixas e logo non aparecen entre as árbores froiteiras.

Ó catro din que hai sementeiras de secano, hortalizas, prados de regadío e de secano, soutos, montes altos pechados e abertos, todos pertencentes a particulares e terras inútiles.

As terras de sementeira de primeira e de segunda, as de hortaliza, os prados de regadío e os de secano e os soutos producen sen descanso unha soa colleita ó ano. Ás de terceira, de labranza se lles deixa un ano de descanso.

Os montes altos, pechados e abertos, leñados e baixos pechados rómpense de dezaseis en dezaseis anos, da segunda ós vinte e de terceira ós vinte catro. Os baixos abertos de primeira rómpense cada vinte e dous anos, os de segunda cada vinte e seis e os de terceira cada trinta.

Ó quinto capítulo responden que en cada un dos tipos de terra hai calidades de primeira, segunda e terceira, agás as terras inútiles por natureza.

Ó sexto din que de árbores froiteiras soamente hai castiñeiros.

Ó sétimo din que están plantadas soamente nos soutos.

Ó oitavo que están sen orde e dispersas.

Ó noveno que a medida de terra que se emprega é o ferrado de centeo en sementeira, que son vinte e cinco varas castelás en cadro. Sementándose de trigo levará de semente tres cuartas partes do ferrado de centeo e de millo-maíno unha cuarta parte.

Ó décimo que haberá uns dez mil oitocentos sesenta ferrados e medio de terra.

Seiscentos deles son de labradío de secano, cen de primeira, douscentos de segunda e trescentos de terceira.

Dez ferrados en sementeira de terra de hortaliza dos que dous son de primeira, tres de segunda e cinco de terceira.

Seis ferrados de sementeira de prados de regadío e deles un de primeira, dous de segunda e tres de terceira.

Catro ferrados en sementeira de prados de secano en tercias partes das tres calidades. Medio ferrado en sementeira de souto tamén en partes das tres calidades.

Cincocentos corenta ferrados en sementeira de montes altos pechados e abertos, leñados nos que a espesura da leña producida en tres anos do que se lles quita o froito no tempo en que se rompen e se lles saca o valado en que se garda para criarse, son oitenta de primeira, cento sesenta de segunda e trescentos de terceira.

Catrocentos ferrados en sementeira de montes baixos pechados dos que cincuenta son de primeira calidade, cento cincuenta de segunda e douscentos de terceira.

Mil ferrados en sementeira de montes baixos abertos dos que douscentos son de primeira, trescentos de segunda e cincocentos de terceira.

Trescentos ferrados en sementeira de montes áridos e pedregosos con salgueiros e bouza, todos eles inútiles.

Ó oncenno din que as especies de froitos que se recollen son trigo, centeo, millo-maínzo, castañas, coles, legumes e liño.

Ó décimo segundo din que unha medida de terra de labranza se é de primeira seméntase un ano de centeo e o seguinte de millo-maínzo consecutivamente produce un ano con outro cinco ferrados de centeo e catro e medio de millo-maínzo. Da terra de segunda que se sementa das mesmas especies alternativamente producirá catro ferrados de centeo e tres e medio de millo-maínzo. Se é de terceira so se sementa de centeo un ano si e un non e dá catro no ano que se cultiva.

Unha medida de monte alto pechado e aberto leñado que pola súa natureza soamente se sementa de trigo da primeira calidade producirá un ano con outro cinco ferrados de trigo e tres carros de leña. Da de segunda catro e dous carros de leña e da terceira tres e un carro de leña.

Unha medida de terra de monte baixo pechado que tamén se lle sementa de trigo producirá catro ferrados desa semente e tres carros de toxo e da de segunda tres e dous carros de toxo e sendo de terceira dous e un carro de toxo.

Unha medida de terra de monte baixo aberto sementado de trigo poderá producir tanto de primeira como da de segunda tres ferrados por partes iguais e da de terceira dous e medio e non leña senón soamente bouza que se queima e consume servindo de único abono.

Ó décimo terceiro din que doce castiñeiros nunha medida de terra de souto de primeira calidade darán tres ferrados de castañas, da de segunda dous ferrados e da de terceira un ferrado.

Ó décimo cuarto dise que cada ferrado de trigo regúlano en cinco rs e medio, o de centeo a catro, o de millo catro e medio, o de castañas a dous, cada carro de leña outros dous e o de toxo a real. A unha medida de terra de hortaliza de primeira calidade regúlanlle a utilidade ó ano en vinte rs, da de segunda dez e de terceira doce. Esta cifra parece unha contradición pero está recollido así.

A unha medida de terra de prados de regadío da primeira calidade regúlanlle a utilidade de herba en dezaoto da de segunda quince e da de terceira doce.

Unha medida de prados de secano ten de utilidade ó ano dez rs, da de segunda oito e da de terceira seis.

Aínda que hai liño, legumes, e outras especies, mais soamente as producen as terras de labranza de primeira e de segunda calidade e que esas porcións seméntanse no canto do centeo e tamén se alterna e a utilidade non se lles fai regulación.

Ó número quince din que dos froitos que se collen págase o décimo, é dicir, de dez partes unha e tamén de liño, años e añas e de cada touciño sendo de cerdoso o espazo que ocupan seis dedos de través polo máis grosso. Os décimos lévaos o deán e cabido da catedral de Mondoñedo a quen pertencen e o nomear dito vicario e de cada cabeza de casa, viúvos e viúvas que morren na freguesía, leva a mellor peza de roupa que queda do defunto ó seu escoller, por loitosa e o crego percibe de cada cabeza de casa un ferrado de trigo ó ano e dos viúvos, viúvas, solteiros e solteiras de casa aberta medio ferrado de trigo por ofrenda e o arcediágo de Trasancos, dignidade da catedral de Mondoñedo leva de cada veciño que labra con xunta de bois, casado, viúvo ou solteiro de casa aberta medio ferrado de centeo anualmente por respecto do voto prometido ó apóstol.

Ó décimo sexto dixeron que os décimos ascenden un ano con outro a setecentos rs segundo o cómputo que fan por algúns arrendamentos. Regulan a loitosa un ano con outro en vinte rs, a ofrenda do vicario en cen e o voto en corenta.

Ó décimo sétimo din que non hai minas nin salinas, muíños de papel, batáns, soamente hai catro muíños de auga que moen coa auga que se xunta de fontes.

Un deles atópase no sitio da Veiga, que pertence a Francisco Fernández e Francisco Rodríguez, Antonio Díaz, Manuel Rodríguez, Xoán Antonio da Torre e Xosé Díaz veciños do termo, Domingo Andrés de Breixo, Simón de Barcia, Antonio González e Francisco de Toimil de San Xiao de Lamas.

Outro ó sitio da Fraga de María Antonia Teixeira e Xoán de Hermida, veciños do termo. Outro ó sitio da Ramalleira, de Martín do Casal, María López, viúva, Xacinto de Canosa, Xacobe López, Domingo de Anido, Lois de Sueiras, Lois de Panan e Vitoria Díaz viúva, veciños do mesmo termo.

Outro ó sitio da Baroca que pertence a Francisco Rodríguez, Martín do Casal, Domingo Rodríguez, Gregorio do Fabal, Lucas Baceiro, Antón da Graña e Antón de Vilar, veciños do termo, Andrea Teixeira, Domingo García e Pedro Rodríguez, veciño de San Xoán de Moeche, Xiao de Zelas e Xosé de Agras, veciños de San Xiao de Lamas e so poden moer en inverno e regúlanlle vinte e oito rs de utilidade.

Ó décimo oitavo din que non hai gando que vaia ó esquileo e pasa a falar dos esquilmos. Unha vaca de ventre que pare desde os catro ós dez anos, regulan cada cría en vinte e dous rs e polo leite e manteiga que pode producir quince rs. Unha

ovella, que principia a parir desde os tres anos de idade ata os oito, regulan cada cría, año ou aña, en catro rs. Cada cabeza de carneiro e ovella do termo considéranlle media libra de lá ó ano que en bruto taxan a medio real. Unha cabra pode parir desde os tres anos ata os nove, por cada un que pare, sexa cabrito ou cabrita, regúlase a cría en tres rs. A unha leitona que se considera pode parir desde os dous anos ata os tres que é cando se ceban e matan, se lle consideran cada vez ó ano catro leitonciños que separados da nai ós seis meses, regulan cada un en catro rs. A unha egua, que pare dos cinco anos ata os doce, consideran cada cría sendo poldro vinte e dous rs e sendo poldra en trinta e oito, sendo mula ou macho en cen. As demais utilidades de parcerías de gandos din que hai bois e vacas de labor que os veciños teñen e dan en parcería e que non se lles considera aumento porque é accidental.

A un pucho ou pucha separado da nai, de un ano a dous considérase de aumento vinte e oito rs, dos dous ós tres trinta e dos tres ós catro trinta e dous e xa non se lles consideran máis medras.

Un año ou aña desde os seis meses ata un ano dous rs de aumento, de un a dous catro e de dous a tres dous rs. A un cabrito o cabrita desde os seis meses ó ano dous rs, de un a dous tres rs e de dous a tres dous rs. A un leitonciño ou leitonciña desde os seis meses a un ano doce rs, de un a dous seis, de dous a tres outros seis. A un poldro de un ano a dous trinta rs, de dous a tres vinte e catro e dos tres a catro anos outros vinte e catro. Se é poldra de un ano a dous trinta e dous rs e de dous a tres trinta e de tres a catro e xa non se lle consideran máis medras.

Se é cría de mulo ou mula, de un ano a dous noventa rs, de dous a tres sesenta, e de tres a catro cincuenta rs e xa non se lle consideran máis medras.

Ó dezanove din que algúns veciños levan en parcería moitas colmeas con outros veciños e forasteiros e partes pequenas e como non poden detallar remítense ás relacións que teñan dado os criadores das abellas. Polo mel, cera e enxamio considérase cada unha de utilidade cinco rs de vn ó ano.

Ó vixésimo din que hai bois, vacas, becerros e becerras, ovellas e carneiros, años e añas, cabras, cabritos e cabritas...e que non hai cabana ou eguada que pasten fóra do termo.

Ó vixésimo primeiro que sobre o número de veciños remítense á relación presentada pola xustiza. Ningún ten casa de campo ou alquería.

Ó número vinte dous din que no termo hai trinta e unha casas habitables e unha arruinada e polo chan do fundo non se paga nada a ninguén.

Ó vixésimo terceiro din que o común non ten gastos na paga de salarios da xustiza nin deputados.

Ó vinte e seis dixeron que o común non ten cargos de xustiza nin censos nin outra cousa.

Ó vixésimo sétimo dixeron que os veciños pagan por servizo ordinario trinta e catro rs e vinte e seis mrs postos nas arcas reais de rendas provinciais.

Ó vinte e oito din que no termo soamente hai alleamento do dereito de alcabala que pertence ó condado de Lemos que percibe do vecindario por iso sesenta e nove rs e dez mrs ó ano.

Ó vinte e nove din que non hai mesóns, tendas, panadarías, mercados, feiras...

Ó trinta din que non hai hospital.

Ó trixésimo primeiro din que non hai mercader por maior, cambista...

Ó trinta e dous din que non hai tendeiro de panos nin os tráficos que se expresan.

Ó trixésimo terceiro din que de artes mecánicas hai dous carpinteiros que fan o oficio catro meses ó ano traballando por tres rs ó día e ó mesmo tempo son labregos. Hai un xastre que tamén traballa catro meses por dous rs ó día. Ó mesmo tempo traballa de labrego. Ningún deles ten oficial nin aprendiz.

Ó trinta e catro que deles non hai ningún que faga acopio dos materiais correspondentes ó seu oficio.

Ó trinta e cinco que non hai xornaleiro ningún que viva diso e o laborable dos labregos considéranos en dous rs cada unha se non chegaron ós sesenta anos.

Ó trinta e seis din que non hai ningún pobre de solemnidade que viva soamente das esmolos.

Ó trixésimo sétimo din que soamente hai catro lanchas no porto de Cedeira no que navegan pola mar os mariñeiros.

Á pregunta trinta e oito din que soamente hai seis clérigos incluso o párroco e o seu escusador.

Ó capítulo trinta e nove din que non hai conventos.

Ó corenta din que o rei non ten fincas nin rendas que non sexan as xerais e as provinciais.

Ó corenta e un din que no tocante ós arrendamentos dos bens de eclesiásticos ós labradores é polo tercio de sementeira, ó tercio da de primeira calidade ó ter-

cio da primeira especie e da outra especie coa que alterna á metade e para esta semente concorren os donos coa metade da de primeira, da de segunda, ó tercio e da terceira ó cuarto de todo o froito. Os montes baixos pechados da primeira calidade ó tercio da segunda e terceiro ó cuarto, interesándose os colonos na produción de toxo. Os montes baixos abertos das tres calidades están postos ó quinto. As terras de hortaliza, prados de regadío e de secano, de cote arréndanse os de primeira á metade, de segunda ó tercio e da de terceira ó cuarto.